

Resolución reitoral do 09 de xuño de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das bolsas para o estudiantado con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade no curso 2025/26 e se procede a súa convocatoria

A Universidade da Coruña convoca 12 bolsas para o estudiantado da Universidade da Coruña con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade.

Esta convocatoria axústase ao que dispón á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; ás Bases de execución do orzamento da Universidade da Coruña para o exercicio 2026, en canto resulte de aplicación, e á Lei orzamentaria.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto das bolsas

1. A finalidade desta convocatoria é apoiar o estudo do alumnado da Universidade da Coruña con necesidades específicas de apoio educativo que deriven dunha discapacidade legalmente recoñecida. A través destas bolsas búscase que este estudiantado poida cubrir os gastos que lle dificultan o estudo (barreiras de comunicación, utilización de materiais de traballo etc.) e que lle supoñen importantes obstáculos para desenvolver e aproveitar a súa actividade académica.

2. As bolsas cubrirán o seguinte tipo de gastos:

- Axuda dunha persoa para facilitar o desprazamento.
- Asistencia persoal para apoiar nas tarefas académicas.
- Servizos profesionais que axuden a mellorar as condicións físicas e psicolóxicas relacionadas co proceso de ensino-aprendizaxe.

3. Estas bolsas será incompatibles con outros programas ou bolsas, públicas ou privadas, destinadas á mesma finalidade.

Artigo 2. Requisitos das persoas solicitantes

Poderá solicitar estas bolsas o estudiantado da UDC que cumpra as seguintes condicións:

- a) Estar matriculado no curso 2025/26 nunha titulación oficial da UDC.
- b) Ter recoñecida legalmente a condición de discapacidade.

CAPÍTULO II. Procedemento de adxudicación

Artigo 3. Presentación de solicitudes

As persoas interesadas presentarán a solicitude conforme ao anexo I, acompañada da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI/NIE.

- b) Copia do impreso de pagamento de taxas de matrícula do curso académico 2025/26.
- c) Copia do expediente académico coas cualificacións.
- d) Documento oficial de recoñecemento legal da discapacidade, expedido polo órgano competente.
- e) Xustificante de percibir as axudas da UDC para o estudantado en situacións de dificultades económicas e/ou xustificante de recibir unha bolsa do MEC ou calquera outra acreditación que xustifique a necesidade de axuda económica.
- f) Declaración xurada de que non se solicitaron nin se percibiron outras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, para a mesma finalidade.
- g) Declaración xurada breve en que se expliquen as dificultades que presenta a persoa solicitante para desenvolver a súa actividade académica e se indique a finalidade da bolsa.
- h) Certificado orixinal do IBAN da conta bancaria da que é titular a persoa solicitante.
- i) Outros documentos que acrediten a necesidade da bolsa.
- j) Xustificación dos gastos realizados

Artigo 4. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

1. As solicitudes e a documentación requirida, dirixida á Vicerreitoría de Igualdade e Diversidade (VID), poderanse presentar:

a) Mediante un certificado dixital no Rexistro Electrónico da UDC:

https://sede.udc.gal/services/telematic_register

b) En calquera oficina de rexistro da Universidade:

– Rexistro Xeral. Reitoría. A Mestranza 9, 15001 A Coruña

– Rexistro Auxiliar de Ferrol. Edificio de Usos Administrativos (1º andar). Campus de Esteiro, 15403 Ferrol

c) A través de calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

2. O prazo para presentar as solicitudes e a documentación complementaria comezará ao día seguinte da publicación desta resolución e rematará o 30 de xuño de 2026.

Artigo 5. Lugares de publicación

Esta resolución, así como os actos que deriven da súa execución, publicaranse no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC: https://sede.udc.gal/services/electronic_board

Artigo 6. Listaxe provisoria e definitiva de solicitudes admitidas e excluídas

1. Unha vez que finalice o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión de Avaliación revisará as solicitudes para comprobar que cumpren os requisitos

establecidos no artigo 3 e publicará unha listaxe provisoria de admitidas e excluídas cos motivos da exclusión.

2. A partir do día seguinte á publicación desa listaxe abrirase un prazo de dez días hábiles para corrixir os erros ou a falta de documentación a través dos medios establecidos no artigo 4.1. Logo de que transcorra ese prazo sen que se emenden os erros ou se envíe a documentación, considerarase que a persoa afectada desiste da súa solicitude.

3. A Comisión publicará a listaxe definitiva indicando os recursos que procedan.

Artigo 7. Comisión de Avaliación

As solicitudes serán valoradas pola seguinte Comisión:

- Presidenta: Cristina López Villar, vicerreitora de Igualdade e Diversidade
- Secretario: Pedro Bogo López, técnico de Atención á Diversidade
- Vogais: Ana Isabel Ares Pernas, vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social; Ana García Pazos, representante do estudantado; Alberto Rey Albarellos, secretario da Vicerreitoría de Igualdade e Diversidade

Artigo 8. Avaliación e proposta de resolución

1. A Comisión de Avaliación valorará as solicitudes de conformidade cos seguintes criterios:

- a) o tipo e o alcance da discapacidade que se acredite
- b) o grao de interferencia da discapacidade no desenvolvemento das actividades académicas
- c) o cumprimento dos requisitos de necesidades económicas
- d) o expediente académico
- e) a situación económica da persoa solicitante

2. A Comisión de Avaliación elaborará unha proposta de resolución e ordenará a súa publicación.

3. Contra esta proposta de resolución abrirase un prazo de dez días hábiles, que comezará ao día seguinte da súa publicación, para presentar alegacións dirixidas á presidencia da Comisión de Avaliación polos medios indicados no artigo 4.1. As alegacións que se presenten no Rexistro Electrónico dirixiranse á VID.

4. Tras resolver as alegacións, a Comisión de Avaliación elaborará unha proposta de resolución que lle remitirá á VID.

Artigo 9. Adxudicación

1. O/a vicerreitor/a con competencias en materia de igualdade e/ou diversidade resolverá a convocatoria e ordenará a publicación da resolución de adxudicación.

2. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o xulgado

competente do contencioso-administrativo, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA). Tamén se poderá presentar, de maneira opcional, un recurso de reposición ante a reitora ou reitor, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da LPACAP. Ambos os prazos contarán desde o día seguinte á súa publicación no TEO da UDC.

CAPÍTULO III. Aspectos económicos

Artigo 10. Financiamento e pagamento

1. Esta convocatoria finánciase con cargo á partida orzamentaria 1805 422D 480.00 por un importe total de 12 000 euros.
2. A contía máxima para cada bolsa será de 1 000 euros. Ao importe bruto aplicaráselle as retencións que correspondan en concepto do imposto sobre a renda das persoas físicas.
3. O pagamento da bolsa realizarase nun único pagamento na conta bancaria que indicase a persoa adxudicataria. O importe do pagamento corresponderase co total dos gastos que se xustificasen, ata un máximo de 1 000 euros.

CAPÍTULO IV. Obrigas das persoas adxudicatarias

Artigo 11. Obrigas

1. As bolsas financiarán exclusivamente os gastos previstos no artigo 12.2, que deberán estar debidamente xustificadas pola persoa beneficiaria.
2. Os gastos que financien as bolsas terán que estar realizados entre o 1 de setembro de 2025 e o 20 de xuño de 2026.
3. Ao presentar a solicitude, as persoas interesadas autorizan a UDC a solicitar os datos ou realizar as comprobacións necesarias cos órganos ou administracións pertinentes para verificar que cumpran os requisitos da convocatoria.
4. As persoas adxudicatarias non establecerán ningunha relación laboral nin administrativa coa UDC.

Artigo 12. Xustificación

1. Dentro do prazo de presentación de solicitudes establecido no artigo 4.2, as persoas solicitantes deberánlle presentar á VID a xustificación dos gastos realizados. Para isto utilizarán o anexo II e achegarán a/s factura/s correspondente/s a través dos medios que establece o artigo 4.1.
2. Os tipos de gastos que se poderán xustificar son os seguintes:
 - a) Axuda dunha persoa para facilitar o desprazamento: a/s factura/s que emita a empresa ou profesional que prestou o servizo incluirá/n a identificación da persoa beneficiaria, o custo do servizo e as horas de traballo realizadas.

b) Asistencia persoal para apoiar nas tarefas académicas: na/s factura/s que emita a empresa ou profesional que prestou o servizo figurará a identificación da persoa beneficiaria, o custo do servizo e as horas de traballo realizadas.

c) Servizos profesionais que axuden a mellorar as condicións físicas e psicolóxicas relacionadas co proceso de ensino-aprendizaxe: a/s factura/s que emita a empresa ou profesional que prestou o servizo incluírá/n a identificación da persoa beneficiaria, o custo do servizo e as horas de traballo realizadas.

CAPÍTULO V. Protección de datos

Artigo 13. Protección de datos

1. De conformidade co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (“Regulamento xeral de protección de datos” ou RXPDP), e o artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), os datos que faciliten as persoas interesadas mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da UDC, cos seguintes datos de contacto: A Mestranza 9, 15001 A Coruña; correo electrónico: secretariaxeral@udc.gal.

2. Solicitar unha destas bolsas supón a aceptación do contido desta resolución e a autorización para que os datos persoais das persoas solicitantes sexan utilizados pola UDC, de acordo coa LOPD e con base de lexitimación nalguna das bases previstas no artigo 6 do RXPDP, coa finalidade da correcta xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa dita finalidade cumpriran o deber de confidencialidade que establece o artigo 5 da LOPD.

3. Ao concorrer a esta convocatoria, as persoas interesadas consenten expresamente a publicación dos seus datos na resolución da convocatoria no TEO da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro.

Os datos persoais que faciliten as persoas solicitantes serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollido na LOPD.

4. As persoas interesadas consenten no tratamento dos seus datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terán dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efecto retroactivo. Terán dereito a lle solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos e a limitación do seu tratamento. Tamén terán dereito a se opoñer ao dito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderanse exercer da seguinte maneira:

a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC <https://sede.udc.gal/>, no apartado “outros trámites”.

b) Mediante unha solicitude por escrito á persoa responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, A Mestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico rpd@udc.gal. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do Rexistro Electrónico ou dos rexistros presenciais da UDC.

c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal antes indicado, ou ben ao correo electrónico dpd@udc.gal. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do Rexistro Electrónico ou dos rexistros presenciais da UDC.

Do mesmo xeito, terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Disposición final primeira. Habilitación

Habíllase a vicerreitoría con competencias en igualdade e/ou diversidade para ditar as instrucións, completar esta resolución e interpretar e resolver as dúbidas que poidan xurdir na súa aplicación.

Disposición final segunda. Recursos

Contra esta resolución, que pon fin ao proceso administrativo, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o xulgado competente do contencioso-administrativo, segundo o artigo 46 da LXCA. Tamén se poderá presentar, de maneira opcional, un recurso de reposición ante a reitora ou reitor no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da LPACAP. Ambos os prazos contarán desde o día seguinte á súa publicación no TEO da UDC.

Disposición final terceira. Publicación e entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor a partir do día seguinte ao da publicación no TEO da UDC.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

A vicerreitora de Igualdade e Diversidade

ANEXO I. Solicitud de bolsas para o estudantado da UDC con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade. Convocatoria 2025/26

| DATOS PERSOAIS | | | |
|--------------------------|---------------|----------|--------------------|
| Apelidos | Nome | | DNI/NIE |
| Enderezo durante o curso | | | Localidade |
| Provincia | Código postal | Teléfono | Correo electrónico |

| DATOS ACADÉMICOS |
|-------------------------------|
| Alumna/o da escola/facultade: |
| Titulación: |

| OUTRAS AXUDAS OU PROGRAMAS |
|--|
| Solicitei no curso 2025/26 o Programa raíña Letizia para a inclusión: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non |
| Solicitei no curso 2025/26 axuda nun programa/bolsa pública ou privada: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non |

| DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA |
|--|
| <input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI/NIE |
| <input type="checkbox"/> Copia do impreso de pago das taxas de matrícula |
| <input type="checkbox"/> Copia do expediente académico |
| <input type="checkbox"/> Documento oficial de recoñecemento legal da discapacidade |
| <input type="checkbox"/> Xustificación de percibir axudas por situación de dificultades económicas |
| <input type="checkbox"/> Declaración xurada de que non solicitei/percibín outras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, para a mesma finalidade. |
| <input type="checkbox"/> Declaración xurada das dificultades para desenvolver a actividade académica e finalidade da bolsa |
| <input type="checkbox"/> Certificado orixinal do IBAN da conta bancaria da/o estudante |
| <input type="checkbox"/> Outros documentos (que acrediten a necesidade da bolsa) |

(Antes de asinar este documento, debe ler a información básica sobre protección de datos que figura no artigo 13 desta convocatoria)

A Coruña/Ferrol,de de 20.....

VICERREITORÍA DE IGUALDADE E DIVERSIDADE

ANEXO II. Xustificación de gasto relacionado coas bolsas para o estudiantado da UDC con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade. Convocatoria 2025/26

| DATOS PERSOAIS | | | |
|--------------------------|---------------|----------|--------------------|
| Apelidos | Nome | DNI/NIE | |
| Enderezo durante o curso | | | Localidade |
| Provincia | Código postal | Teléfono | Correo electrónico |

| DATOS ACADÉMICOS |
|-------------------------------|
| Alumna/o da escola/facultade: |
| Titulación: |

| DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA |
|--|
| <input type="checkbox"/> Factura/s da axuda da persoa que facilita o desprazamento |
| <input type="checkbox"/> Factura/s da asistencia persoal para apoiar nas tarefas académicas |
| <input type="checkbox"/> Factura/s de servizos profesionais de mellora das condicións físicas/psicolóxicas relacionadas co proceso de ensino-aprendizaxe |

(Antes de asinar este documento, debe ler a información básica sobre protección de datos que figura no artigo 13 desta convocatoria)

A Coruña/Ferrol,de de 20.....

VICERREITORÍA DE IGUALDADE E DIVERSIDADE